Num. 291

FOUCE

Marzo 2012

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

sindicato labrego galego
comisións labregas

ESPAÑA
FRANQUEO CONCERTADO
F.C. Nº 15000077

Contratos sen prezo por axudas: extorsión ao sector lácteo por decreto



Con dúas concentracións en protesta contra a obrigatoriedade dos contratos sen prezo, contra a nova baixada do valor do leite e contra os impagos das empresas; coa participación no Grupo Consultivo do Leite da UE, e con xuntanzas co ministro Arias Cañete e coa conselleira Rosa Quintana; o SLG desenvolveu unha intensa actividade reivindicativa no sector lácteo, no arranque deste ano 2012, da que damos conta nas páxinas centrais deste Fouce.

As labregas tamén alzaron a voz contra a violencia dos recortes





O 16 de febreiro comezaba a campaña "Mulleres galegas en loita polos nosos dereitos!", coa que varios colectivos, entre eles o SLG, celebraron o Día Internacional da Muller Traballadora cunha apretada axenda de actividades en toda Galiza que culminaron cunha grande manifestación o 11 de marzo en Compostela (páxs. 20 e 21).

FOUCE

Edita: Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:
Xosé García Rodríguez
Consello Editorial:
Carme Freire, Manuel Docampo, Isabel Vilalba e Xabier Gómez Santiso.
Colaboracións: Manuel Docampo Paradelo, Carme Freire Cruces, Xosé Ramón Cendán, Mónica Amado Branco e Fefi Gayoso.
Deseño e maquetación:
Xosé García Rodríguez
Sede da redacción:
Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88

sindicato labrego galego
comisións labregas

LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23, 15705, Meixonfrío. Santiago de Compostela. Tlfno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23, 15705, Meixonfrío. Santiago de Compostela. Tlfno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D Tlfno. 981 508 177
SANTA COMBA - Rúa de Lugo, 19 – entrechán 1º esq. Tlf. 981 880 909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680. Tlf. 981 682908
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4, 1º.Tlf: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º esq / Tlfno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n 981 490 430
O BARCO - Casa sindical
Tlf. 988 321511 / Fax: 988 326 723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590 438; Fax 988 590 439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11. Tlf. 988 477 230 Fax. 988 477 230
XINZO - Rúa San Sebastián, 16 – baixo Tlf. 988 462 547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent. Tlf. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108, entrechán B. Tlf: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos AISSTlf/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf. 982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE. Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Avda. Fernández Del Riego, 5 – 1º C. Tlf. 982 12+6
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A. Tlf.982 512431
MEIRA- R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º Tlf/Fax 986 573232
LALÍN - R/ Monte Faro nº 28. Baixo. Tlf. 986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32 Centro comercial O Parque, oficina 12 986 580 526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal 1ºA, 1ºC. 986 641 508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf. Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 718 526

O Fouce está cofinanciado pola:
DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Editorial

■Tres anos cara a atrás. É o momento de irmos cara a adiante.....**3**



Galiza

■Campaña para denunciar o cobro do canon a pozos e traídas veciñais.....**5**
■Entrevista a gandeiros afectados polo proxecto de incineradora no Irixo.....**8**
■A forestación ilegal de terras agrarias no Valedor do Pobo.....**9**
■Eleccións a consellos reguladores.....**10**

Aldea Global

■O SLG defendeu o control da produción e dos mercados no Grupo Consultivo do Leite da Unión Europea.....**11**
■A XIII Asemblea da COAG marca as liñas reivindicativas e de traballo no Estado.....**11**





Sectores Gandeiros

■O Ministerio de Agricultura e a Consellaría de Medio Rural autorizan ás industrias a extorsionar ao sector lácteo.....**12/13**
■Curso de elaboración de queixos do SLG: aposta pola diversificación para darlle valor engadido ao leite.....**14/15**

Sectores Agrarios

■A regulación das guías de viño dificulturá a comercialización.....**17**
■Bernardo Estévez Villar, novo responsable da Dirección do Viño do SLG.....**17**





Montes

■Loita para que a Rede Natura non paralice as actividades agrogandeiras.....**18/19**

Mulleres

■Ao redor do 8 de marzo: mulleres galegas en loita polos nosos dereitos.....**20/21**

Eira

■Axudas da PAC, por fillos e fillas, etc.....**21/23**

Tres anos cara a atrás. É o momento de irmos cara a adiante

Os tres anos de mandato do Goberno Feijóo, con Samuel Juarez de conselleiro, foron, para o medio rural galego e para a Galiza labrega, non só tres anos perdidos, senón tres anos de retrocesos significativos. A principal actividade da Xunta foi xestionar as axudas da PAC (cartos que veñen de Europa na súa totalidade) e de desenvolvemento rural (cartos que veñen de Europa, maioritariamente, cunha pequena achega dos orzamentos do Estado e de Galiza).

A Consellaría de Medio Rural mantivo unha inoperancia absoluta en cuestións fundamentais para todos os sectores agrogandeiros, como a defensa das explotacións diante da ditadura de prezos de miseria que impoñen as industrias e as distribuidoras. Tampouco se produciron avances noutras políticas, como solucionar os danos millonarios que provoca a fauna salvaxe cada ano, senón que retiraron as poucas compensacións que había. Pouco máis conseguimos que boas palabras de Medio Rural nestes tres anos; nin sequera no intre máis álxido das mobilizacións que o sector leiteiro levou a cabo en 2009.

Ante a próxima reforma da Política Agraria Común, que leva un tempo xestándose, a Xunta debería estar alzando a voz para que os labregos e labregas titulares ou cotitulares de explotacións cuxa actividade fundamental é a produción de alimentos, foran o actor fundamental desa nova PAC; nembargante, ese protagonismo está centrándose, de novo, nos especuladores con gran cantidade de hectáreas; e nos mercados, cos grandes operadores industriais e comerciais. E neste apartado, unha vez máis, o Goberno Galego estivo ausente.

■ Políticas activas para usurparlle a terra ás explotacións

Competencia exclusiva do Goberno Galego é a ordenación da terra, unha terra que é factor fundamental, hoxe en día, para producir alimentos de xeito viable e sostible, debido á oscilación dos prezos das materias primas froito da especulación nos mercados. Neste aspecto, deberían estar ordenando e protexendo a superficie agraria existente, e aumentándoa, ate chegar polo menos a un terzo do territorio. Mais, o que estivo facendo a Xunta foi xusto o contrario: lexislou para quitarlle terra aos labregos e ás labregas para darlla a empresas enerxéticas, procesadoras de celulosa e madeireiras, piscifactorías, minas, etcétera. O proxecto da Lei de Montes, as reformas da Lei do Solo ou a de Mobilidade de Terras, así como as Directrices de Ordenación do Territorio e o decreto que regula o fomento de asociacións de propietarios forestais e a creación de sociedades de fomento forestal (SOFOR), todas elas obra deste Goberno, son normativas que lle restan protección a unha terra agraria que, por outra banda, está totalmente desprotexida na práctica.

Neste trienio de retrocesos con Núñez Feijóo e Juárez ao mando, a Xunta de Galiza mirou para a outra lado diante de centos de denuncias por plantacións ilegais de terras agrarias en contra da normativa vixente, nomeadamente da Lei de Defensa contra Incendios. En resume, agora a Xunta lexisla para desprotexer a terra e ignora a violación das súas propias normas naqueles casos que a terra conta con protección legal. As consecuencias deste delito amparado e auspiciado pola Xunta son miles de explotacións que vén hipotecado o seu futuro ao non ter acceso á base territorial, así como a imposibilidade da xente moza de vivir da actividade agraria por non dispor de terras, o que supón a perda a marchas forzadas da nosa capacidade para producir alimentos.

■ Recortes públicos que desmantelan os servizos no rural

Tamén contribuíron á perda de peso do medio rural na Xunta unhas políticas de recortes que afectaron de cheo aos servizos públicos prestados ás explotacións agrarias e á toda a cidadanía que vive no noso medio rural. En tan só tres anos, asistimos ao peche de escolas rurais, comedores escolares, puntos de atención sanitaria e urxencias, farmacias de garda, etcétera; un proceso que, por desgraza, aínda segue en marcha.

Pero as agresións van máis alá da Galiza labrega. Exemplos como a Lei de Augas, que privatiza un recurso e dereito humano básico como a auga; ou que o patrimonio máis importante da nosa identidade coma pobo, o idioma galego, estea a sufrir a maior agresión vivida dende que temos democracia, dan fe dos intereses que veu defendendo este Goberno nos últimos tres anos.

Dende o SLG non nos resignamos a manter esta situación e esiximos outra política agraria galega. Por iso, alzamos e seguiremos a alzar a nosa voz para loitar, entre outras moitas reivindicacións, por prezos que cubran custes e o salario, por unha PAC feita para labregos e labregas, por terra suficiente para producir alimentos, por que a auga siga sendo un ben publico e social, por estructuras e infraestructuras necesarias suficientes, por servizos públicos de calidade no rural, etcétera.

nº 291
Marzo de 2012
FOUCE



O impacto da reforma da PAC no sector do vacún de carne, analizado na comarca da Mariña

O pasado 18 de xaneiro, o SLG da Mariña organizou unha xornada formativa para o sector de vacún de carne que contou coa participación do vogal da IXP Tenreira Galega e membro da Dirección da Carne do SLG, Xosé Álvarez Lombardero.

Á xornada acudiron titulares de explotacións do norte lucense, e serviu para afondar na análise das propostas que se fan para este sector na reforma da Política Agraria Común (PAC). En concreto, falouse do impacto negativo que esta reforma, de levarse adiante, tería sobre as explotacións de vacún de carne da Mariña e da Galiza.



O Sindicato Labrego abre en Xinzo un novo local para atender á afiliación da comarca da Limia

O pasado 14 de febreiro, a afiliación da Limia inauguraba o novo local co que vai contar o Sindicato Labrego Galego en Xinzo.

As novas instalacións sindicais atópanse na rúa San Sebastián nº 16 e contan, nos seus máis de 160 m², con dous despachos, un aula para a celebración de cursos e actividades didácticas, unha sala de xuntas, dous cuartos de baño e almacén.

Á celebración do acto inaugural asistiron afiliados e afiladas da bisbarra, que contaron coa compaña da secretaria xeral do SLG, Carme Freire, e do secretario de Sectores Vexetais, Xosé Manuel Parente.



Dezaoito afiliados e afiliadas coñeceron de preto os viños galegos nunha cata en Mesía

O local social da parroquia de Olas, no concello de Mesía (A Coruña), foi o lugar elixido para celebrar unha xornada dirixida a dar a coñecer de preto algúns dos recendos e sabores máis representativos dos viños galegos.

Así, no transcurso dunha mañá, 18 persoas participaron nunha cata comentada e guiada polo viticultor e, aínda daquela, responsable do sector do viño no Sindicato Labrego, Manuel Docampo, na que se degustaron e comentaron caldos das cinco denominacións de orixe galegas: Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, O Ribeiro e Valdeorras.



Éxito dos cursos de cestería celebrados na parroquia fonsagradina de Carballido

A parroquia fonsagradina de Carballido acolleu un curso de cestería o pasado mes de novembro de 2011, organizado polo Sindicato Labrego. Tal foi o seu éxito, que a actividade se volveu repetir en febreiro deste ano, pero desta vez coa impartición de coñecementos e habilidades destinadas a perfeccionar o xa aprendido o ano pasado. O SLG xa desenvolveu cursos semellantes no concello de Samos, tamén na provincia de Lugo, onde tamén recuncaron nunhas xornadas de perfeccionamento; e na comarca do Ribeiro -Ribadavia e Castrelo de Miño- xa na provincia de Ourense.

Campaña para denunciar o cobro do canon a pozos e traídas veciñais

O SLG e a veciñanza comezaron a recoller sinaturas en Rois para esixir a derrogación da Lei de Augas

O pasado 21 de xaneiro, o Sindicato Labrego Galego comezaba en Rois (A Coruña) unha campaña de denuncia e desobediencia civil contra o cobro do canon da auga a traídas veciñais e pozos do medio rural; unha campaña que ten como fin última esixir a derrogación da Lei de Augas de Galicia. O SLG elixiu Rois porque dunha das súas parroquias veu a primeira denuncia de cobro do canon da auga a unha traída custeada integramente pola veciñanza; un canon que, con toda probabilidade, se pretende ir cobrando, pouco a pouco, en toda Galiza.



A veciñanza de Rois, tanto a afectada como a que non, se amosou indignada co cobro do canon da auga

O caso concreto que nos ocupa ten que ver cun núcleo rural de sete vivendas que, no ano 1968, acometeron unha traída de auga custeada integramente pola veciñanza e mantida por ela até hoxe, sen ningún apoio da Administración, nin autonómica nin municipal.

A pesares de que o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, prometera, o 9 de febreiro de 2011 e diante do Parlamento de Galicia, que o canon da auga non se cobraría a este tipo de infraestruturas; nesta aldea de Rois notificáronlles un cobro de 499'02 € en concepto de canon da auga correspondente ao período que vai dende a aprobación da Lei de Augas, en decembro de 2010, até o 30 de agosto de 2011.

Recollida de sinaturas e recursos contra os cobros

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, aproveitou o acto de denuncia en Rois para anunciar que esta organización agraria, a proposta dos veciños e veciñas da comarca do Sar, vai comezar unha campaña en toda Galiza para recompilar sinaturas contra a Lei de Augas e para denunciar e recorrer todos os cobros do canon que se estean a facer no medio rural galego; así como para desenmascarar as falsas promesas e verdadeiras intencións da Xunta, que sempre negou que se fose cobrar o canon da auga a traídas veciñais e pozos particulares.

O Sindicato Labrego Galego considera un abuso en toda regra que se lles cobre o canon da auga a aquelas vivendas que se tiveron que custear con fondos propios un servizo que a Administración nunca lles prestou. Que, ademais, dende Augas de Galicia e dende a Consellaría de Medio Ambiente se estea mentindo constantemente ao negar o cobro do canon da auga no rural, tanto á cidadanía como ao propio Parlamento de Galicia, é unha burla e un insulto ao pobo galego. Para o SLG, a Lei de Augas mercantiliza e privatiza o dereito sobre un ben fundamental e indispensable para a vida como é a auga, e seguirá mantendo a súa posición de esixir a derrogación deste texto legal.



"O máis triste é que gastamos os cartos para facer as traídas, para limpalas e mantelas, e por riba nos cobran"



"Se a lei vai para adiante será unha ruína. Tivemos que cavar para traer a auga as casas, e agora cóbrannola"



"Isto é un atraco. Non poden cobrarnos por un ben indispensable como a auga que temos grazas ao noso traballo"

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
ENTIDAD ESTATAL DE SEGUROS AGRARIOS (ENESA)

PLAN DE SEGUROS AGRARIOS 2012

asegura o teu futuro

INICIO SUBSCRICIÓN	SEGUROS DE COBERTURA CRECENTE PARA EXPLOTACIÓNS: AGRÍCOLAS E FORESTAIS	SEGUROS PARA EXPLOTACIÓNS: GANDEIRAS E ACUÍCOLAS
1 de xaneiro	• Cereixa • Organizacións de produtores e cooperativas	
15 de xaneiro	• Hortícolas ao aire libre de ciclo primavera-verán na península e Baleares. • Hortícolas ao aire libre con ciclos sucesivos na península e Baleares. • Forestais	• Gando vacún reprodutor e de recría • Gando vacún de cebo • Gando vacún de lidia • Gando vacún de alta valoración xenética • Reprodutores bovinos de aptitude cárnica • Gando ovino e caprino
1 de febreiro	• Planta viva, flor cortada, viveiros e sementes en Canarias • Planta viva, flor cortada, viveiros e sementes na península e Baleares • Producións tropicais e subtropicais • Cultivos industriais téxtiles • Cultivos industriais non téxtiles • Uva de mesa	• Gando equino • Gando equino de razas selectas • Gando aviar de carne • Gando aviar de posta • Gando porcino • Piscifactorías de troitas • Acuicultura mariña
1 de marzo	• Monocultivo de hortalizas	• Mexillón • Tarifa xeral gandeira
1 de abril	• Citrícolas • Cobertura do Pixat • Hortícolas en Canarias	
1 de xuño	• Hortícolas baixo cuberta na península e Baleares • Plataneiras • Hortícolas ao aire libre de ciclo outono-inverno na península e Baleares	• Retirada e destrución de animais mortos na explotación
1 de xullo	• Tomate en Canarias	
1 de setembro	• Caqui e outras froiteiras • Froitos secos • Cultivos herbáceos extensivos	• Perda de pasteiros
1 de outubro	• Oliveiras • Uva de vinificación na península e Baleares -Uva de vinificación en Canarias	
15 de novembro	• Frutícolas • Cultivos forraxeiros • Cultivos agroenerxéticos	• Apicultura

www.enesa.es

Homologación do enganche dos tractores para poder pasar a ITV

Os tractores matriculados a partir do ano 1998, teñen a obriga de ter un enganche de fábrica ou un enganche homologado polo fabricante para poder pasar a revisión da Inspección Técnica de Vehículos (ITV).

No caso de que o enganche non sexa o que trae de fábrica o tractor, hai que homologalo coma se fose unha modificación que se lle fai ao tractor.

Para que o enganche poida ser homologado debe ter un número de serie e hai que presentar un certificado de conformidade do fabricante con esta modificación para que o aproben na ITV.

Se non se cumpren os supostos devanditos, o tractor non poderá pasa a inspección.

Espazo subvencionado por:

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Dirección Xeral de Relacións Laborais

Novas no eido de saúde e dereitos laborais no agro

■Prazo para cambiar de mutua

Ata o 30 de setembro de 2012. O cambio sería efectivo a partir do 1 de xaneiro de 2013. Hai que solicitar a baixa á mutua na que se esta cunha antelación minima de un mes (recomendable dous meses); logo cubrir o impreso da seguridade social (TA0521/1), entregar acompañando copia do escrito de baixa presentado na mutua á que se quere renunciar.

■Prazo para deixar de pagar con dereito a incapacidade temporal / accidente de traballo + paro

Temos de prazo ata o 30 de setembro de 2012. O cambio sería efectivo a partir do 1 de xaneiro de 2013.

¡Ollo! Cómpre saber, antes de dar este paso, que se deixamos de pagar con dereito a paro tampouco teriamos dereito á prestación por accidente de traballo.

90 explotacións asinan contra o traslado da oficina agraria da Estrada

O SLG rexistrou máis de 90 sinaturas de explotacións agrogandeiras da Estrada, Cerdedo e Forcarei, que lle solicitaron á Consellaría de Medio Rural que non leve para adiante o traslado da sede da oficina agraria comarcal do seu domicilio actual ás instalacións da Fundación Comarcal, nos arrabaldes da vila.

O SLG oponse ao traslado porque vai causar graves prexuízos aos usuarios e usuarias dos servizos de extensión agraria. Levar a oficina agraria á sede da fundación afastará este servizo ás explotacións de Forcarei e Cerdedo. Ademais, produciríase un serio entorpecemento de calquera xestión que necesite servizos que só se ofrecen na vila.



nº 291
Marzo de 2012
FOUCE

Antonio Carral e Alberte Lamazares, gandeiros afectados polo proxecto da incineradora do Irixo

"En Holanda destrúen o leite producido nas inmediacións das incineradoras"

Antonio Carral Sucasas e Alberte Lamazares Casero son dous gandeiros afiliados ao Sindicato Labrego Galego que están participando activamente na resistencia á construción dunha incineradora no Irixo (Ourense). O primeiro rexenta unha explotación ecolóxica no Alle (Lalín), na que produce leite cru e queixos; o segundo, traballa xunto ao seu pai e á súa nai nunha granxa leiteira e outra de engorde de pitos en Rodeiro. Con eles falamos sobre deste novo desatino da Xunta que pon en perigo todas as producións agrogandeiras da bisbarra.



Antonio Carral e Alberte Lamazares rexentan explotacións leiteiras de vacún na bisbarra do Deza, a poucos quilómetros do Irixo

■A que concellos afectará a incineradora en caso de construírse?

▸**Antonio.** Segundo diversos estudios, a contaminación dunha incineradora como a que se quere construír no Irixo afectaría a unha contorna de trinta quilómetros, aínda que depende de moitos factores: ventos, correntes de auga, altitude... Por exemplo, en Francia as incineradoras constrúense en vales para que as montañas impidan que se propague a contaminación; pero a do Irixo vai no alto dunha montaña. A miña explotación está a quince quilómetros, polo que se vería directamente afectada.

▸**Alberte.** Rodeiro está a uns 25 quilómetros do lugar onde se quere construír a incineradora, e a miña explotación a máis de 30. Non é tan importante que esteamos dentro ou fóra da contorna de influencia, se pensamos en feitos como que as correntes de aire traerán a contaminación á zona do Deza uns 240 días ao ano.

■Como lle afectaría ás explotacións e producións agrogandeiras destas bisbarras?

▸**Antonio.** Estar no radio de contaminación dunha incineradora cando fas produtos de calidade, coma no noso caso, equivale a que che rexeiten o que produces; estou convencido que as miñas vendas de queixos, leite e grelos caerían en picado. Eu, en concreto, teño unha explotación de leite con certificación ecolóxica, que obriga a facer análises de residuos, tanto do produto final, como dos pasteiros e da terra. Se superas o límite permitido en presenza de elementos como dioxinas, automaticamente perdes a certificación. Noutros produtos que vendo, como patacas, nabizas ou queixo, non necesito o selo, pois teño unha relación de confianza coa clientela; se me poñen a incineradora, non vou poder garantir que os meus produtos estean limpos nin manter esa confianza gañada con anos de traballo.

▸**Alberte.** Isto afféctanos a todos, tamén aos que producimos en convencional. En Holanda, por exemplo, están a destruír o leite que se produce nas inmediacións de incineradoras porque supera os índices permitidos de dioxinas e furanos. Supoño que a consecuencia directa dunha incineradora na zona sería a caída na calidade dos produtos agrogandeiros e a imposibilidade de producir en ecolóxico ou con calidade. As dioxinas van caer nas nosas terras, as vacas vanas inxerir a través da herba e despois van ir no leite. Ao final, o noso leite non poderá competir no mercado por estar contaminado.

"Nin aquí nin noutra parte; cómpre mudar o sistema de tratamento do lixo"

■A que vos opoñedes, á situación da planta, ou de xeito máis amplo, ao modelo de xestión do lixo?

▸**Antonio.** Nin aquí nin noutro lado, ese é o noso lema. Cómpre cambiar o sistema de recollida e de tratamento do lixo. Defendemos a reciclaxe e a compostaxe para todos os residuos e, despois, para aqueles que non poidan ser tratados de ningún xeito, a incineración.

▸**Alberte.** O alcalde de Lalín quere que leven de aquí a incineradora, pero que a poñan noutro lugar; paréceme unha maneira egoísta de pensar. Eu non a quero nin aquí nin en ningunha outra parte. Hai que cambiar o sistema de tratamento do lixo, como se fai no resto da Unión Europea, onde se recicla unha porcentaxe do lixo superior ao 20%, mentres que na Galiza non chegamos ao 2%.

■Que pensades de quen argumenta que a incineradora será boa polos postos de traballo que xerará?

▸**Antonio.** Fálase de que a incineradora pode crear 200 postos de traballo, pero é mentira. Suman os postos da empresa que vai construír a incineradora que, se cadra, nin sequera é de aquí; as persoas que conducen os camións que transportan o lixo, que xa están traballando hoxe en día; e os postos directos e indirectos que se empregarán para facer as pistas para levar o lixo ao tren. Na incineradora en si, traballarán entre vinte e trinta persoas.

▸**Alberte.** Ninguén fala de cantos pode eliminar. Precisamente, que o único argumento para construíla sexa o dos postos de traballo, demostra que os seus promotores saben que vai ser mala.

A forestación ilegal de terras agrarias no Valedor do Pobo

O SLG denuncia que Galiza perde a súa capacidade para producir alimentos

A Lei de Prevención de Incendios Forestais di que na terra de uso agrario non se poden plantar especies de uso forestal. Sen embargo, non hai unha soa comarca de Galiza na que non se perpetre a violación flagrante desta lei sen que a Xunta faga nada por evitalo; e sen que dea resposta ás máis de duascentas denuncias interpostas por explotacións agrogandeiras e polo SLG por este motivo.



Xente de toda Galiza acudiu a denunciar diante do Valedor a impunidade das forestacións ilegais de agras

Este foi o motivo que congregou, o 2 de febreiro, a medio cento de persoas afectadas e do SLG diante da sede do Valedor do Pobo. "O Sindicato Labrego Galego presentou máis de duascentas denuncias en toda Galiza, dende o ano 2007", explicou a secretaria xeral, Carme Freire. "A pesar de ter tramitado centos de denuncias, a pesar de tentar recabar información sobre o estado dos expedientes en Medio Rural, a pesar de ter mantido xuntanzas ao respecto con responsábeis desta Consellaría; a pesares de todo iso, as denuncias seguen paralizadas nun caixón". A intención do SLG coa acción de hoxe é que "o Valedor do Pobo actúe, pedindo responsabilidades, e cuestionando por que se manteñen paralizados estes expedientes de denuncia".

Carme Freire non dubidou en sinalar que esta parálise da Administración á hora de repoñer a legalidade, unida aos cambios lexislativos da Xunta con respecto aos usos da terra, "obedecen a unha estratexia clara de sacarnos as terras agrarias aos labregos e labregas que producimos alimentos para darlla ás industrias que producen enerxía e celulosa".

Mais non é un problema que afecte só ao agro. A secretaria xeral do SLG advertiu que "as xentes de Galiza corren o risco de que a comida que chega aos seus pratos lles sexa servida por unhas poucas multinacionais co prezo e calidade que elas queiran; xa que os labregos e labregas, en canto nos quiten a terra, teremos que deixar de producir alimentos. Isto é o que está en xogo para toda a sociedade galega: a capacidade propia de producirmos alimentos; amais de estar en xogo tamén os nosos postos de traballo, como profesionais da agricultura que dependemos da terra para facer a nosa actividade. O Goberno da Xunta esta planificando que o noso medio rural se dedique a producir enerxía a costa de deixar de producir alimentos, polo que se está comprometendo o noso futuro como labregos e labregas, e o futuro de todo un país".

"Se é necesario, acudiremos á fiscalía para denuncialo"

O Sindicato Labrego iniciou en maio de 2011 unha campaña para denunciar esta situación de desamparo e violación flagrante dunha lei coa complicidade da Consellaría de Medio Rural. Nesta campaña, fixéronse denuncias públicas de casos de forestacións ilegais en concellos tan dispares como Cambre, O Pino, Becerreá, Vilalba ou A Estrada.

A denuncia ante o Valedor do Pobo dá continuidade a esta fronte de loita que, segundo afirmou Carme Freire, "non vai quedar aí pois, se é necesario, acudiremos á fiscalía para denuncialo. O SLG vai empregar todas a súas forzas e os recursos legais ao seu alcance para que, dunha vez por todas, se desenmascare esta estratexia premeditada para usurparlle a terra agraria aos labregos e labregas en beneficio dunhas poucas empresas enerxéticas".

O SLG pide ao Concello da Fonsagrada que rocen os montes

O SLG presentou dous escritos ao Concello da Fonsagrada para pedirlle a aplicación da Lei de Prevención de Incendios, que obriga a manter o monte limpo de especies vexetais de alta combustibilidade nun perímetro de 50 metros ao redor de calquera núcleo habitado que estea a menos de 400 metros do monte. Ademais, tamén pediu a habilitación de novos puntos de recollida de plásticos agrícolas.

No primeiro dos casos, o SLG constatou o incumprimento da Lei de Prevención dos Incendios Forestais en varias parroquias da Fonsagrada limítrofes con montes, onde non se fixeron as preceptivas rozas de especies como xestas, uces, silvas ou toxos, co evidente risco para a seguridade das persoas en caso de incendio. Diante disto, o SLG pediulle ao Concello da Fonsagrada que lle faga chegar á cidadanía, "mediante bandos, toda a información referente a este aspecto, para que as persoas titulares de parcelas que se atopen nesta situación poidan realizar os traballos oportunos" de cara a que cumpran coa legalidade e non poñan en risco á xente.

En canto á segunda cuestión, a pesares de existir quince puntos de recollida de plásticos agrícolas no termo municipal da Fonsagrada, existen varias zonas cunha alta concentración de actividade agrogandeira que non teñen ningún a man, o que está a provocar grandes trastornos nas explotacións afectadas e as queixas dos seus e das súas titulares. En concreto, o SLG pediulle ao concello fonsagradino a habilitación de novos puntos de recollida de plásticos agrícolas en Seoane, Vilarmeán / Reboira, Louteiro e Monteseiro.

Eleccións a consellos reguladores

Celebranse en xuño e o SLG tentará o consenso entre as organizacións agrarias para representar ao sector produtor

O Goberno da Xunta de Galicia publicou, o martes 28 de febreiro, a orde pola que se convocan eleccións aos consellos reguladores. A convocatoria de eleccións xa tocaba para o 2011, pero foi posposta, prorrogando o mandato actual por todo este ano 2012. Por estar previstas as eleccións a finais da primavera, entre o 11 e o 22 de xuño, no Sindicato Labrego Galego valoramos necesario aclarar, unha vez máis, algunhas cuestións relativas a estes organismos.

1. Que son os consellos reguladores?

Os consellos reguladores son organismos de xestión e goberno das denominacións de orixe, das indicacións xeográficas protexidas e da agricultura ecolóxica. No pleno dos consellos reguladores, máximo órgano de goberno, están representados o sector produtor, o sector industrial e, en ocasións, o sector cooperativo. En Galiza, temos 25 organismos de calidade diferenciada e de orixe, das que só unha parte están convocadas a eleccións: Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro, Valdeorras, Augardentes e licores tradicionais de Galicia, Castañas de Galicia, Faba de Lourenzá, Grelos de Galicia, Mel de Galicia, Pataca de Galicia, Pan de Cea, Pementos de Herbón, Pemento do Couto, Tarta de Santiago, Ternera Galega, Agricultura Ecolóxica de Galicia.

2. Para que serven os consellos reguladores?

A Lei de Calidade Alimentaria define as competencias e atribucións destes organismos que son: control, certificación e promoción. Para iso, establece que existirán órganos independentes para estas funcións que se rexerán por normas técnicas, regulamentos e protocolos que define e aproba o pleno do consello regulador, conforme á normativa. Os consellos reguladores son organismos privados -dos asociados e asociadas- e teñen personalidade xurídica propia, polo que se autorregulan pero están baixo o arbitrio da administración autonómica, que conta con representantes con voz e sen voto.

As denominacións de orixe (DO) e as indicacións xeográficas protexidas (IXP) poden ser un bo instrumento para defender a calidade diferenciada e para certificar a procedencia dalgunhas das nosas producións. Poden servir para valorizar o propio e para defendelo contra a globalización, a deslocalización e a homoxeneización, que pretenden as grandes multinacionais da distribución de alimentos. Pero non son nin unha garantía de venta de produto, nin garantía de prezos xustos. Por exemplo, dánse casos como o da castaña amparada pola "IXP Castaña de Galicia", que se vende a prezo mais baixo que a castaña non amparada.

A pesar das poucas atribucións que teñen os consellos reguladores, sempre foron instrumentalizados politicamente polos partidos gobernantes, amais do interese polo control que as empresas grandes teñen nestes organismos.

3. Que son as mesas sectoriais?

As mesas sectoriais non teñen nada que ver cos órganos de calidade diferenciada (consellos reguladores). As mesas sectoriais son órganos dos diferentes sectores onde se representan os diferentes axentes que representan aos produtores e produtoras, por unha banda, e á industria, por outra, para tomar acordos de prezos, de contratos ou doutras cuestións que teñen que ver co sector. Nalgúns sectores, como o do viño, as mesas sectoriais coinciden co ámbito xeográfico das denominacións de orixe, pero iso non implica que teñan nada en común. As mesas do viño nalgunhas comarcas teñen establecido prezos para as uvas das castes autóctonas e aprobado contratos que logo son homologados pola administración autonómica. Estas mesas sectoriais están arbitradas pola propia administración.

4. Cal é a postura do SLG nas eleccións a consellos reguladores?

No SLG pensamos que os consellos reguladores deben ter representación do sector produtor, en equilibrio co sector industrial. Tamén pensamos que o sector produtor debe estar representado polas tres organizacións sindicais que obtiveron representación nas eleccións a cámaras agrarias. Non ten sentido que, despois de que os sindicatos agrarios pelexemos a representación para ser interlocutores diante da administración, estas eleccións non se recoñezan á hora de representar ao sector produtor ante os diferentes órganos de calidade diferenciada e/ou de indicación xeográfica. Recordamos que, recentemente, o Ministro de Agricultura anunciou que convocará eleccións a nivel de Estado para determinar a representatividade das organizacións agrarias.

Neste sentido, procuraremos o acordo coas outras dúas organizacións sindicais agrarias como mecanismo para non chegar á confrontación e repartir os membros que nos correspondan ao sector produtor segundo o resultado obtido nas eleccións a cámaras agrarias.

O SLG defende en Bruxelas o control da produción e a regulación dos mercados

Isabel Vilalba representou á Coordinadora Europea da Vía Campesina no Grupo Consultivo do Leite da UE

Isabel Vilalba, das executivas da Coordinadora Europea da Vía Campesina e do SLG, participou, o 6 de marzo, en Bruxelas, no Grupo Consultivo do Leite da Unión Europea (GCL) en representación do sector produtor. Na súa intervención, Isabel criticou a orientación exportadora da política leiteira europea, nun contexto global no que o consumo internacional dos lácteos comunitarios está á baixa, cun parón nas compras de Rusia ou China, e co aumento da produción de competidores como Australia, Estados Unidos ou Arxentina.

Isabel Vilalba denunciou que "coa escusa de ser competitivos no mercado internacional, a industria impón unilateralmente prezos mesmo por baixo dos custes de produción, arruinando a miles de explotacións en toda Europa e en terceiros países".

As diversas intervencións no GCL ilustraron esta afirmación. Mentres que representantes da industria, como o Rabobank de Holanda, defendían un prezo para o leite en orixe entre 27 e 31 céntimos en aras de sermos competitivos; a Comisión Europea informaba que o custe de produción medio nunha explotación leiteira comunitaria está nos 30 céntimos. É dicir, a política exportadora só sería posible a costa de manter o prezo do leite a niveis de miseria e de seguir arruinando a economía de miles de explotacións.

■ O impacto das políticas leiteiras na Galiza

Neste senso, Isabel Vilalba puxo o exemplo do noso país para exemplificar o impacto deste tipo de políticas, explicando que "Galiza é a principal zona produtora de leite do Estado Español. Aínda así, a industria impuxo prezos medios entre 0,28 e 0,31 euros no 2011, nun ano no que a enerxía subiu un 17,7%, os fertilizantes un 20%, o gasóleo un 12,5% e a alimentación para o gando un 21%".

■ A reforma proposta non achega solucións

Centrándose xa máis na reforma da política leiteira comunitaria, Isabel Vilalba dixo que "non achega solucións aos problemas que orixinaron a crise do 2009. Os contratos que se propoñen responden os intereses da industria, e non aos intereses da parte produtora nin da consumidora; e as organizacións de produtores e produtoras (OPL) non van ter máis poder negociador se non hai unha regulación da produción".

Precisamente, Vilalba criticou a intención de suprimir os controis sobre a produción leiteira tirando do exemplo de Suíza, onde "a desregulación no mercado do leite levou a unha situación catastrófica con prezos ruinosos con diferenzas entre explotacións de máis de 10 céntimos por quilo de leite da mesma calidade, unha sobreprodución que non é absorbida polo mercado, prezos con *dumping* (por baixo dos custes de produción) para as exportacións, miles de tenreiras de poucos días sacrificadas por non se dar vendido e unha interprofesional que non ofrece solucións a esta crise.

Por unha reforma que garanta emprego e relevo xeracional



Isabel Vilalba rematou a súa intervención dicindo que "a estabilidade é básica para o futuro do sector, para o emprego, para a economía e tamén para o relevo xeracional nas explotacións. Non podemos comprometer por unha visión cortoplacista o futuro do sector. O 23 de xaneiro no Consello Europeo de Ministros e Ministras de Agricultura, seis ministros manifestaron as súas reticencias coa proposta de desaparición do sistema de cotas no 2015. Desde a Coordinadora Europea Vía Campesina e dende o Sindicato Labrego Galego, facemos un chamamento á responsabilidade dos estados e da Comisión Europea para manter unha regulación da produción e do mercado que responda os desafíos de creación de emprego e de riqueza, de mantemento do territorio e do medio ambiente, cunha produción leiteira sustentable baseada nas forraxes das distintas rexións europeas".

A Asemblea de COAG fixa a súa axenda reivindicativa para os vindeiros anos

A XIII Asemblea da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) tivo como unha das súas principais novidades a participación como membros de pleno dereito do Sindicato Labrego, Joves Agricultors Ramaders de Catalunya (JARC) e COAG-Comunidad Valencian.

Ademais, houbo relevo na Secretaría Xeral da COAG, elixindo como novo responsable a Miguel Blanco Suaña, en substitución de Miguel López.



Unha nutrida comitiva viaxou até Madrid para representar ao Sindicato Labrego Galego na XIII Asemblea de COAG

nº 291
Marzo de 2012

O Ministerio e a Consellaría auto
industrias a extorsionar ao secto

Arias Cañete decreta o contrato obrigatorio sen prezo, a Xunta négase a escoitar ás explotacións e as empresas a

O SLG manifestouse diante da Consellaría de Medio Rural, o 24 de febreiro, contra a nova baixada de prezos imposta, de xeito unilateral, por algunhas industrias como Río ou Celta. Ademais de denunciar a baixada de prezos, tamén se protestou polo decreto do Ministerio de Agricultura que obriga ás explotacións, so pena de perder as axudas da PAC, a asinar contratos sen que as empresas estean obrigadas a asegurar un prezo mínimo. A secretaria xeral do SLG, Carme Freire, non dubidou á hora de cualificar isto como "unha auténtica extorsión a todo o sector lácteo".

Este acto de denuncia tería transcorrido con normalidade de non ser pola negativa da Consellaría de Medio Rural a recibir a unha comitiva de gandeiros e gandeiras para expoñer estes problemas. A pesares de terlle solicitado esa entrevista ao director xeral de Produción Agropecuaria, José Álvarez Robledo, cunha semana de antelación, este non respondeu.

Así e todo, unha comitiva de manifestantes, na que tamén estaban Carme Freire e Lupe Prado, tentaron manter ese encontro trala concentración. Mais, a pesares de pedirllo cara a cara e de xeito verbal a Robledo no seu despacho, este negouse en redondo a recibir aos e ás sindicalistas e profesionais do sector lácteo.







Diversas imaxes das mobilizacións do sector lácteo de febreiro: arriba, dúas tomas da concentración de protesta contra a obrigatoriedade dos contratos sen prezo; abaixo, denuncia pública dos impagos das industrias lácteas ás explotacións.

■ Desprezo monumental ao sector lácteo

A actitude do director xeral de Produción Agropecuaria supón un monumental desprezo a todo un sector lácteo en situación crítica dende hai anos, a consecuencia das decisións políticas do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural, que lexislan e xestionan sempre para que as industrias obteñan o máximo lucro a conta de minguar, cada vez máis, as rendas dos labregos e das labregas.

Esta situación crítica vaise agudizar agora por mor de medidas erróneas, como a de obrigar a asinar contratos entre industrias e explotacións sen que haxa un prezo mínimo de referencia e, por riba, sen que a Unión Europea obrigue a facelo, pois depende da vontade de cada estado membro.

As industrias baixan os prezos amparadas polas políticas da Xunta e do Estado

Precisamente, estes contratos obrigatorios son os que dan azos agora a industrias como Río ou Celta, que veñen de impoñer unha baixada de 1 céntimo por litro no leite comprado no mes de xaneiro, sen previo aviso ás explotacións, e ameazando con que esa baixada se irá incrementando nos vindeiros meses. E iso a pesares de que o valor do leite en Galiza é o máis baixo do Estado e un dos máis baixos da Unión Europea. Mais non lles importa: saben que contan co apoio cómplice da nosa clase política e das súas leis para extorsionar a todo un sector.

Ademais, Río comezou o ano co abandono de varias explotacións que lle fornecían de leite na comarca de Betanzos debido á sospeita de que os sistemas de medición das cisternas desta empresa computaban menos cantidade de leite que a recollida realmente.

■ Celega: contratos a 15 meses sen prezo

Por outra banda, o SLG denunciou o modelo de contrato remitido pola empresa Celega (O Saviñao, Lugo) ás explotacións ás que lles recolle o leite. Ese contrato compromete ás explotacións a entregar todo o leite que produzan (cunha marxe ±10%) durante quince meses, e a comunicar con tres meses de antelación o remate da relación contractual. O peor do conto é que o gandeiro ou gandeira non saben canto van cobrar polo leite durante eses quince meses, pois o apartado onde se debería recoller o prezo do leite aparece en branco. A única referencia á que se alude no contrato é o valor do leite en xaneiro, febreiro e marzo de 2012 que marque o Observatorio do Sector Lácteo da Consellaría de Medio Rural; o problema é que os datos máis recentes son de outubro de 2011.

rizan ás r lácteo

proveitan para baixar prezos

Carme Freire pediu ao ministro Cañete control da produción e regulamento de marxes e prezos

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, participou no encontro que mantiveron, o 16 de febreiro, a Interprofesional Láctea (Inlac) e o ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete, en Madrid.

Carme Freire logrou introducir, na axenda do encontro, dous temas transcendentais para o futuro do sector leiteiro. En primeiro lugar, avogou por que o Estado Español manteña unha posición contraria a suprimir os controis da produción, nas negociacións que se van facer na Unión Europea, xa que de ir esta medida para adiante suporía a creación de excedentes masivos que afundirían os prezos arruinarían miles de explotacións.

■ Regulamento de prezos e marxes comerciais

Tamén lle transmitiu Carme Freire a Arias Cañete a necesidade de que a Lei da Cadea Alimentaria sirva para regular as marxes comerciais de cara a que consumidores e consumidoras non paguen marxes abusivas con respecto aos prezos en orixe, como acontece agora.

Ademais, a secretaria xeral do SLG sinalou a necesidade de que esa mesma Lei da Cadea Alimentaria articule e garanta mecanismos para que "os produtores e produtoras poidamos negociar prezos mínimos que cubran os custes de produción e o traballo agrario, prezos por debaixo dos cales as industrias e as grandes distribuidoras non poidan pagarnos".

Xuntanza entre o SLG e a conselleira para tratar o problema de impagos das lácteas

Unha comitiva do SLG reuniuse, o pasado 26 de xaneiro en Compostela, coa conselleira de Medio Rural, Rosa Quintana, para trasladarlle o problema de impagos que están a sufrir moitas explotacións na Galiza por parte das empresas que lles recollen o leite como Lácteos Tambre, Queixería Macán ou Eugenio Rey. A delegación do Sindicato Labrego estivo formada pola secretaria xeral do SLG, Carme Freire; a responsable da Dirección do Leite, Lupe Prado; e catro gandeiras afectadas.



Sindicalistas e gandeiras afectadas reuníronse coa conselleira de Medio Rural para denunciar diante dela os impagos das industrias

Á saída da xuntanza, as integrantes da comitiva explicaron que a conselleira de Medio Rural fora receptiva cos seus problemas, comprometéndose a expresar publicamente o apoio da Consellaría ás explotacións afectadas; e estudando medidas de presión ás empresas para obrigalas a saldar as súas débedas e para que este tipo de prácticas empresariais abusivas non se repitan.

Previamente, nos exteriores do edificio administrativo de San Caetano, houbo unha concentración de protesta que estivo apoiada pola Dirección do Leite do SLG, e á que acudiron máis titulares de explotacións afectadas polos impagos. Carme Freire lembrou que "levamos máis dun ano denunciando un problema de impagos no que determinadas empresas lácteas campan ás súas anchas, pois a pesares de que acudimos aos xulgados e obtivemos fallos favorables, aínda non se cobrou nin un céntimo".

Precisamente, esta situación de impotencia e a falla de resposta, até o de agora, dos poderes públicos, foi o que animou ao Sindicato Labrego e ás explotacións afectadas a trasladarlle este problema directamente á conselleira de Medio Rural. "Isto non pode seguir así e alguén ten que poñer fin ás prácticas destas empresas", declarou a secretaria xeral do SLG, pedindo a continuación "que se habiliten medidas dende a Administración para que estas empresas non poidan decidir arruinar as nosas vidas cando queiran e como queiran; e para que non poidan seguir incumprindo, impunemente, leis como a de morosidade".

Toda esta problemática resúmese de maneira gráfica no caso de María Valdivieso e Benito Pose, que rexentan unha explotación en Muxía á que Lácteos Tambre lles debe máis de 3.000 euros. "Levamos máis dun ano agardando para cobrar" explicou María "mesmo o xuíz fallou a favor nosa. Temos a lei da nosa parte, pero tamén necesitamos o apoio da Administración, e por iso estamos hoxe aquí. Esperamos que non sexan xordos, que non sexan mudos, e que nos apoien". María tamén expresou o sentir unánime dos gandeiros e gandeiras que se atreveron a denunciar a Lácteos Tambre, co apoio do Sindicato Labrego: "Non nos imos cansar e imos continuar loitando. Coa moral non nos van acabar, e coa nosa dignidade tampouco. Non vimos aquí pedir esmola, vimos reclamar o que é noso: os nosos cartos, que os necesitamos para comer e para sobrevivir".

Desta vez, a Consellaría púxose do lado das explotacións

No serán do mesmo día no que se celebrou a xuntanza entre a comitiva do SLG e Rosa Quintana, a Consellaría de Medio Rural emitiu un comunicado público no que se comprometía a facer todo o posible "para modificar a situación dos pagamentos pendentes a algúns produtores de leite por parte da industria láctea". En concreto, o mesmo comunicado adiantaba a posibilidade de facer "modificacións normativas" para rematar co problema dos impagos, advertindo que "a Xunta non está disposta a consentir abusos na cadea de valor do leite".

O SLG acolleu con cautela este posicionamento á espera de que se plasme en medidas concretas que, en efecto, obriguen ás industrias morosas a saldar as súas débedas.

nº 291
Marzo de 2012
FOUCE

Aposta pola diversificación para darlle valor engadido ao leite galego

O SLG organizou en Vedra un curso de elaboración de derivados lácteos para pequenas explotacións

O Sindicato Labrego Galego vén de celebrar, entre o 6 e o 10 de febreiro, un curso sobre elaboración de queixos en Feal (Vedra). O profesor que o impartiu, José Luís Martín, transmitiu os coñecementos esenciais para facer calquera derivado lácteo, e deixou na xente participante as ganas de seguir para perfeccionar os coñecementos adquiridos. Con actividades formativas coma esta, o SLG tenta promover que as nosas explotacións leiteiras se animen a probar novas experiencias produtivas de cara a mellorar a rendibilidade do traballo gandeiro.

En palabras do profesor, José Luís Martín, neste curso ensináronse "basicamente, ferramentas, habilidades e coñecementos para que os labregos e labregas poidan facer na súa casa un produto con garantías sanitarias; pero tamén para que pequenos produtores e pequenas produtoras, coas normativas galega e europea en vigor, poidan transformar o seu leite a pequena escala elaborando produtos de alta calidade e cun valor engadido superior ao dos queixos tradicionais. Mais, para saber como se desenvolveu esta actividade, Fouce falou con algunhas das persoas que o fixeron posible para compartirmos con elas a experiencia.



A valoración global dos e das participantes no curso de elaboración de queixos de Vedra foi moi positiva

Lucía Suárez Rendo (Cerdeiras, Touro)



"Co leite que nos sobra queremos facer algo máis que botarllo ao café"

Lucía Azucena Suárez Rendo ten unha explotación de leite en Cerdeiras (Touro) na que "producimos leite para a industria e na que temos moitas ganas de facer algo máis co leite que nos sobra que botarlle café". Cando aínda non rematara o curso, Lucía recoñecía estar "pensando en repetir se o fan de novo". Tamén tiña claro que ía mirar de "reutilizar os excedentes de cota para elaborar queixos. Sería bo poder canalizar e rendibilizar ese produto que nos sobra. Quedei coa impresión de que non é difícil producir queixos; outro conto será metelos no mercado. En calquera caso, imos tentar diversificar a nosa produción coa elaboración de queixos".

Xesús Maceira Varela (Chantada)



"Fixemos unha queixería artesanal para darlle valor ao leite"

Xesús está asociado a un gandeiro que ten unha explotación leiteira en Chantada, co que decidiu asociarse para "facer unha queixería artesanal e darlle valor ao leite". No seu caso, e asesorados polo propio José Luis Martín, Xesús e o seu socio decidiron facer mudanzas na explotación e na queixería. "A case totalidade da cabana gandeira é frisoa, e imos cambiar de raza porque o leite que dá non ten a calidade suficiente para facer o queixo que queremos. Tamén queriamos facer queixo Arzúa-Ulloa e requeixo, pero decatámonos que con ese mesmo leite se poden facer outros produtos con moito máis valor engadido e que non se atopan no mercado".

Sandra Bahamonde (Prevediños, Touro)



"Miña nai e máis eu imos facer queixo fresco e petite suisse"

Como Lucía, Sandra Bahamonde Fariñas tamén é de Touro, mais da parroquia de Prevediños. Alí, o seu pai rexenta unha explotación familiar con catro vacas do país. Sandra non o dubidou á hora de cualificar o curso como "marabilloso dende o principio".

En canto á posibilidade de aplicar os coñecementos adquiridos á explotación familiar, afirmou que "por suposto que si. Até o de agora, na miña casa o leite das vacas era para alimentar aos cuxos e, senón, aos porcos. Só nos fai falla mercar o material necesario, pero tanto miña nai, que tamén está no curso, coma eu, imos animarnos a facer queixo fresco e petite suisse".

José Luís Martín, experto e asesor en produción e comercialización de queixos

"Ás pequenas explotacións impúxosenos traballar cun só produto, e foi un fracaso"

José Luís Martín foi o encargado de impartir o curso de Feal. Aínda que comezou a súa andaina nos oitenta cunha explotación de cabras e unha pequena queixería na súa Extremadura natal, tras formarse en Francia, hoxe é un dos máximos expertos en queixos do España. Con el falamos das posibilidades que teñen as nosas granxas de diversificar e darlle un valor engadido ao leite.



José Luís Martín é tamén autor da guía *Gourmetquesos*, que xa vai pola súa segunda edición, e socio fundador da empresa Quesarte

■Cre que é viable a elaboración de queixos como produción complementaria nas explotacións leiteiras?

Ás pequenas explotacións impúxosenos traballar un só produto, e isto acabou sendo un problema e un fracaso. Hai corenta anos, as explotacións familiares de vacún con trinta vacas eran as raíñas; agora nin con cen vacas. Trátase dunha contradición absoluta, pois hoxe as vacas producen tres veces máis, hai mellor tecnoloxía e, porén, o que nos queda no peto a fin de mes é menos. Polo tanto, o modelo é malo e non funciona.

Daquela, debemos diversificar: horta, froita, leite, queixo, transformación de produtos en xeral... De maneira que os custes son menores e tamén os riscos.

■Unha vez temos o produto, é difícil a comercialización?

Con este curso tamén tentamos dar alternativas a este respecto. Traballamos cuestións como a presentación final, como se cata un queixo e como apreciar sabores e texturas, etcetera. Canto máis información transmitamos dos nosos queixos á quen os consume, mellor aceptación terán. Nos produtos artesáns, de cotío deixa moito que desexar a profesionalización do sector; isto non ten que ver con tecnificación, senón máis ben con sentido común e con facer as cousas ben.

■E como se fai iso?

Por exemplo, eu o queixo nunca o envaso en plástico e ao baleiro porque para min iso é industrial; eu prefiro envolvelo nun papel atractivo que non deixe ver o queixo; con isto, estoulle a dicir á clientela da importancia que lle dou ao queixo que fago, que é coma se fose un bombón, que leva sempre envoltorio e non se ve. É outro xeito de entender a comercialización. Se tentamos facer o mesmo que a industria, temos a batalla perdida.

■Polo que di, vostede aposta por unha relación directa coa clientela.

Vendendo os nosos produtos en mercados de proximidade conseguimos, ademais, vincular a nosa produción ás xentes do entorno, facéndoas partícipes dos nosos produtos de alta calidade sen ningún tipo de manipulación, co cal os beneficios son tanto para a sociedade como para os produtores e produtoras que traballan a pequena escala.

"O noso problema é que só nos ensinaron a producir para a industria"

■Como ben sabe, Galicia especializouse en producir leite e queixo de vaca. Cre que temos potencial para orientar a nosa produción cara a outro tipo de gando, coma o caprino ou o ovino?

Por suposto que si. De feito, estou asesorando a unha pequena queixería galega que ten o seu propio gando caprino. Estas outras producións gandeiras xa están sendo alternativa en países como Holanda ou Francia, onde está habendo moita reconversión do sector.

O noso problema é que se nos ensinou só a producir leite para a industria. E unha cousa é producir leite para a industria, e outra moi distinta producir leite para elaborar os teus propios queixos. Cada vez hai menos vacas en pastoreo, cando unha alimentación en base a herba e praderías naturais é o que lle dá matices aos queixos, cousa que, sobre todo, se consigue se traballamos con leite cru.

O 2 de abril comezará a funcionar a Lonxa Virtual de Gando

A Lonxa Virtual de Gando de Galiza consistirá na posta en marcha dun servizo de compravenda de gando a través da Oficina Agraria Virtual da Consellería do Medio Rural. A Consellaría actuará como mediadora prestando este servizo gratis. A súa posta en marcha está prevista para o 2 de abril.

A Lonxa Virtual de Gando constitúese como un servizo de libre acceso para a compravenda de gando, en que unicamente os gandeiros titulares de explotacións rexistradas en Galiza, e controladas polos servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural, poderán ofertar os seus animais.

A Lonxa Virtual poderá empregarse para a poxa de animais de abasto da especie bovina, de idades comprendidas entre os 6 e os 24 meses, destinados a sacrificio, dados de alta en explotacións rexistradas no ámbito territorial de Galiza.

Poderase ampliar, en función da demanda, a outras categorías de idade e a outras especies, permitindo a transacción de animais de recría.

Poderán vender a través deste sistema calquera gandeiro ou gandeira entrando na Oficina Agraria Virtual co NIF e o PIN, cunha serie de requisitos. E pode comprar a través deste sistema calquera persoa, sexa gandeira ou non, rexistrando unha serie de datos na aplicación como comprador.

O gandeiro ou gandeira poderá manter de xeito simultáneo tantas ofertas como animais posúa coas características requiridas, indicando características deles como a categoría comercial, o índice de engraxamento e o peso, así como o prezo de saída e o número de días que desexa que dure a poxa.

nº 291
Marzo de 2012
FOUCE

Novas normas para comercio e uso de medicamentos veterinarios

A comezos de marzo, publicouse un novo decreto que regula as condicións de comercialización e uso dos medicamentos veterinarios en Galiza.

Este decreto pasa a substituír á Orde de 14 de Outubro de 2000 pola que se establecía a obriga de ter receita para os medicamentos veterinarios dos animais das explotacións.

Para os gandeiros e gandeiras, o novo decreto implica que, a partir da súa entrada en vigor, terán que ter as receitas dos medicamentos empregados nas explotacións conforme aos novos modelos que se aproben, así como un rexistro de medicamentos (que poderá ser físico ou telemático) para que consten no mesmo todos os tratamentos aplicados na explotación e unha serie de datos sobre os mesmos.

Tamén abre a posibilidade de empregar a tarxeta sanitaria veterinaria ou o documento de identidade electrónico para que os e as titulares das explotacións teñan toda a información nas mesmas relativa aos tratamentos veterinarios suministrados aos animais da súa explotación.

■Prazo de adaptación até o 2 de xuño

O resto de obrigas recollidas no decreto teñen implicacións só para os veterinarios e veterinarias e para os centros onde se dispensan os medicamentos.

Este decreto entrou en vigor o 2 de marzo de 2012, pero establece un período de tres meses dende a súa entrada en vigor. É dicir: as explotacións gandeiras da Galiza terán até o 2 de xuño para comezar a empregar as novas receitas veterinarias e para ter o rexistro de medicamentos da explotación.

SERVIZOS QUE CHE OFRECE O SINDICATO LABREGO GALEGO

FISCAL

☞Estimación directa, módulos. ☞Declaracións da renda.
☞Contabilidade de SATs, Cooperativas, Comunidades de Montes, CUMAS, Sociedades Civís.

LABORAL

☞Elaboración de nóminas e contratos.
☞Altas e baixas na Seguridade Social.
☞Pensións de xubilación e invalidez.
☞Libros de Visita, altas e baixas médicas, etc.

ASESORÍA XURÍDICA

☞O Sindicato Labrego Galego ofrece servizos xurídicos para todas as persoas afiliadas.

TRABALLOS TÉCNICOS AGRÍCOLAS

☞Proxectos. ☞Informes.
☞Peritacións ☞Medicións.

SEGUROS

☞Seguros gandeiros (accidentes, enfermidades, saneamento e partos en gando de leite, morte de animais).
☞Seguros para a agricultura . ☞Seguros xerais.

MONTES

☞Asesoramento integral en materia de montes para unha xestión sostible e multifuncional. ☞Tramitación de axudas.
☞Elaboración de estudos e proxectos de: ordenación, aproveitamentos, execución e seguimentos de obra.
☞Asesoramento e proxectos de plantacións forestais.

OUTROS SERVIZOS

☞Incorporacións e plans de mellora.
☞Transferencia e matriculación de vehículos normais e agrícolas.
☞Solicitudes da PAC.
☞Reestruturación de viñedo.
☞Regularización de augas.
☞Legalización de adegas.

A regulación das guías de transporte do viño dificultará a comercialización

Os labregos e labregas que fan viño por non poder vender a uva estarán na obriga de legalizar unha adega

É unha práctica habitual que os viticultores e as viticultoras independentes, cando non venden as uvas, as elaboren nas súas adegas tradicionais para procurar, despois, vender o viño. Este é un xeito de non perder o traballo de todo un ano e un xeito tradiconal de comercialización. Mais, poder facer isto, a partir desta colleita, vaise complicar polo decreto que sacou a Xunta para regular as guías de transporte. No seu día, o Sindicato Labrego fixo alegacións a este decreto e presentounas no Consello Agrario Galego, mais non foron atendidas.

Segundo esta normativa. os produtores ou produtoras non poderán conseguir guías para vender e transportar viño se non teñen número de CEA. O número do CEA é a identificación que dá a Oficina de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Tributaría ás adegas elaboradoras de viño. Isto obriga aos labregos e labregas que se ven na obriga de elaborar o viño por non ter quen lles merque as uvas, a ter que legalizar unha adega elaboradora; e para esta legalización piden uns requisitos que, en ocasións, resultan moi custosos.

O feito de ter o CEA obriga a facer a declaración trimestral de existencias de viño (modelo 553). Polo de agora, no Estado Español o viño ten 0 € de imposto de alcohois, o que non exime de facer a declaración trimestral.



Quen non dea vendido a uva vendimanda, terao máis difícil, a partir de agora, para comercializalas en forma de viño

O uso de guías de transporte é discriminatorio, xa que limita aos viticultores e viticultoras, ao mesmo tempo que os grandes almacenistas poden conseguir guías de xeito ilimitado. Deste xeito, impídese a venda directa a consumidores e consumidoras, e queda como única opción vender aos almacenistas a prezos de miseria se non queremos ter ningún problema coas guías de transporte.

No Sindicato Labrego Galego andamos a traballar na procura do recoñecemento das adegas tradicionais como adegas elaboradoras de viño, para poder vender graneis, cos mínimos requisitos en canto a normativas aplicables, de xeito que se permita a venda directa. Tanto a Axencia Tributaria, como os concellos e a Xunta, deben ser conscientes que, de non dar cunha solución axeitada para este problema, limitarán moitas economías familiares pequenas de labregos e labregas que teñen nas uvas e no viño o seu salario e que -ademais de facer un labor social, cultural e medioambiental como mantedores das ribeiras e do rural-, están a contribuír cos seus impostos ao soporte económico do País.

Bernardo Estévez Villar, novo responsable do sector do viño do SLG

O pasado 9 de marzo, reuniuse a Dirección do Viño do SLG, en Ribadavia, onde o viticultor de Valdeorras e actual secretario de Organización, Manuel Docampo Paradelo, solicitou o relevo como responsable do viño para poder dedicar o máximo do seu tempo aos labores propios da Secretaría de Organización do SLG.

A persoa elixida para substituílo, por decisión da Dirección do Viño, foi Bernardo Estévez Villar. Bernardo é viticultor en Arnoia (O Ribeiro), onde traballa dúas hectáreas e media de viñedos e cultiva cepas dunha vintena de variedades; neste senso, destaca a súa aposta por recuperar castes autóctonas esquecidas como Lado, Silveiriña ou Verdello. A súa explotación segue as directrices da "Agricultura natural" de Masanobu Fukuoka; utiliza técnicas de cultivo biodinámicas; e envasa, etiqueta e comercializa o seu propio viño.

En palabras de Manuel Docampo, "Bernardo é un bo exemplo de viticultor mozo fortemente comprometido co traballo nas viñas, coa vida no rural, co sindicalismo labrego e co País. Seguro que mellorará moito o traballo de implicación dos labregos e labregas na definición das políticas do viño e que fomentará o medre e a mellor implantación do SLG nas comarcas vitícolas".



Bernardo traballa dúas hectáras e media de viñedos no Ribeiro

nº 291
Marzo de 2012
FOUCE

Loita para que a Rede Natura non paralice a actividade agrogandeira

O SLG mantivo varios encontros para asesorar a comunidades de montes das novas ameazas normativas

O SLG elixiu a localidade de Vilalba (Lugo) para valorar a ampliación da Rede Natura, por ser a capital dunha comarca eminentemente agrogandeira á que teñen afectado de cheo estes espazos protexidos. Para facelo, a secretaria xeral, Carme Freire, deu unha rolda de prensa, o 1 de febreiro, acompañada de labregos e labregas e representantes de comunidades de montes afectadas. Días antes, o 19 de xaneiro, celebrárase unha xuntanza con representantes de varias comunidades de montes da bisbarra para analizar esta normativa e outros problemas que afectan ao sector.

Na rolda de prensa do 1 de febreiro, Carme Freire explicou que "historicamente, foron os labregos e as labregas quen conservaron, coa súa actividade, o medio natural; e o pouco que hoxe se conserva, consérvase grazas a eles e a elas, que son os primeiros interesados nesa conservación, xa que viven permanentemente neses espazos protexidos, e teñen e tiveron neles o seu medio de vida".

Nembargante, a Rede Natura estase a deseñar sen ter en conta que neses espazos que se pretenden protexer viven e traballan persoas dende tempo inmemorial. De aí, os prexuízos que están a causar unhas normas feitas de costas a estas persoas, que son as primeiras interesadas en protexer o medio no que viven.



Representantes de varias comunidades de montes chairegas acudiron ás xuntanzas do Sindicato Labrego

"Primeiro partíronnos os pasteiros coa autovía e agora decláranos Rede Natura"

Xabier Prieto, secretario da Comunidade de Montes de Labrada, en Abadín, narrou o seu caso. En Labrada teñen unhas 2.000 hectáreas de monte comunal, con máis do 70% na Rede Natura. "Hai uns sete anos, a Consellaría de Agricultura deunos permiso para facer un pasteiro comunal para o gando en quince hectáreas de monte. Mais, cando xa tiñamos feito o peche, a Consellaría de Medio Ambiente paralizounos o proxecto. Ao ano seguinte, volvemos solicitar permiso a Medio Ambiente, e volvéunolo denegar. Nese intervalo de tempo, no perímetro de monte que tiñamos cercado, instalaron parques eólicos. A nós prohibíronnos pasar a grade para traballar a terra, porque seica destruíamos a turba; pero á empresa Acciona permitíronlle escavar buratos de dez metros de profundidade para implantar as bases de formigón dos xeradores eólicos".

Tamén falou **Lupe Prado**, gandeira da parroquia vilalbesa de Santaballa que é socia dunha cooperativa de leite. Todas as instalacións e terras da súa explotación están incluídas na ampliación da Rede Natura, a pesar de teren vocación eminentemente agraria. Non en van, hai unha década se beneficiaron dun proceso de concentración parcelaria na que se investiron moitos cartos públicos. Por riba, a través desta ampliación da Rede Natura cruza unha autovía. "Montamos a nosa explotación para vivir da gandería no medio rural e aproveitando os terreos da concentración parcelaria; primeiro, partíronnos os pasteiros coa autovía; e agora decláranos Rede Natura con todo o que iso supón", quéixase Lupe.



Lupe Prado denunciou a invasión das zonas agrícolas de Santaballa pola Rede Natura

“Non queremos axudas a cambio de non producir alimentos porque ese é o noso medio de vida”

A testemuña de Xabier Prieto e Lupe Prado son un claro exemplo da desconfianza e incerteza xeneralizada que hai entre as xentes que viven dentro da Rede Natura.

Carme Freire amosou o apoio do Sindicato Labrego cara a elas, e foi tallante ao afirmar que “baixo ningún concepto estamos dispostos e dispostas a que se protexa o medio ambiente antes de protexer ás persoas; como tampouco estamos en disposición de aceptar que, a cambio dunha axuda para coidar un espazo natural, nos impidan producir alimentos. Non queremos axudas a cambio de non producir alimentos porque ese é o noso medio de vida e porque, ademais, a nosa actividade é a garantía de que os espazos nos que se desenvolve van seguir estando vivos, habitados e ben conservados, como sempre estiveron”. Ademais, Carme Freire advertiu que “a Rede Natura, tal e como está deseñada , pon en risco a capacidade de Galiza para producir unha alimentación propia, san e de calidade; ao expulsarnos aos labregos e labregas do noso territorio e ao poñer nos nosos pratos a comida que as multinacionais producen noutras latitudes onde non se repectan nin o medio ambiente nin os dereitos das persoas que a producen”.

■ Alegacións para garantir a permanencia das actividades agrogandeiras

Por todo o devandito, o Sindicato Labrego Galego rexistrou, o mesmo día que ofreceu a rolda de prensa, diante da Consellaría de Medio Ambiente, as seguintes alegacións:

1. Que se garantan as prácticas tradicionais para a produción de alimentos coma elemento de conservación destes espazos.

2. Que desenvolvan os plans de ordenación e xestión (Plans de ordenación dos recursos naturais, Plans reitores de uso e xestión e Plans de conservación) que regulen usos, prácticas e obrigas nos distintos espazos protexidos da Galiza. Dando cumprimento ao estipulado na Lei 912001 de Conservación da Natureza e demais normativa que sexa de aplicación. En todo caso, deberá garantirse a participación cidadá activa, en especial das persoas e colectivos produtores de alimentos e titulares de montes dentro dos espazos protexidos.

3. Que se aplique un marco normativo claro e coherente que non sexa máis restritivo polas diferentes interpretacións que poidan facer do mesmo os/as funcionarios/as adscritos/as de cada zona”.

Por todo o cal, solicitouse que “se teñan por presentadas estas achegas ao Proxecto de Ampliación da Rede Natura 2000, para que sexan tomadas en consideración”.



As comunidades de montes diante dos plans de privatización

Unha das medidas da Lei de Montes que máis chamaron a atención na xornada informativa do SLG foi a facultade da Xunta para privatizar a xestión dos predios comunais se non teñen as contas ao día. De seguido, as opinións dos comuneiros e comuneiras.

Remedios Prieto,
CCMM de Romariz



“Se nos quitan a terra para producir biomasa teremos que pechar as explotacións”

Remedios é a secretaria da Comunidade de Montes de Romariz (Abadín). Trala xuntanza do SLG, amosouse “moi sorprendida coa información que se deu”. “Nós”, explicou “temos un convenio asinado coa Xunta e, polo tanto, unha débeda, polo que coa nova Lei de Montes que queren aprobar, unha empresa privada podería xestionar o noso monte. Se nos quitan as terras para producir biomasa sería gravísimo, un xeito de que as poucas explotacións que hai botasen o peche”.



Cándido Rodríguez,
CCMM de Corvite

“Queren obrigarnos a pagar uns cartos que non temos e a asinar contratos con empresas”

Cándido Rodríguez é o presidente da CCMM de Corvite (Abadín), onde xestionan cen hectáreas en forestal. Cándido valorou a xornada polo “acceso a moita información que descoñeciamos e que nos pode afectar. Por exemplo, en Corvite temos un convenio coa Xunta e non temos estado de contas. Así, se nos obrigan a poñer as contas ao día, teremos que pagar uns cartos que non temos e estariamos obrigados a asinar contratos con empresas privadas”.

Henar Román,
CCMM de Labrada



“O monte é da parroquia e non debe ser xestionado nin por empresas nin pola Consellaría”

Henar Román, presidenta da CCMM de Labrada, queixouse de que “as comunidades de montes non contamos para nada. A Xunta impulsa normativas e leis como lle convén e sen consultarnos”. Henar engadiu que “temos moi claro que se unha comunidade de montes foi para adiante foi polo traballo e pola xestión de comuneiros e comuneiras. Creo que monte de Labrada é da parroquia e deberá ser xestionado por nós, non por ningunha empresa nin pola Consellaría”.

nº 291
Marzo de 2012
FOUCE

Ao redor do 8 de marzo: Mulleres galegas en loita polos nosos dereitos

O SLG, xunto a outros colectivos e organizacións, denunciou o impacto dos recortes nas traballadoras

Dende o 16 de febreiro, data na que se presentou en rolda de prensa a campaña "Mulleres Galegas en loita polos nosos dereitos", a Secretaría das Mulleres do SLG, xunto a varios colectivos e organizacións, desenvolveron actividades por toda Galiza para denunciar o impacto que os recortes das diversas administracións están a ter nas traballadoras do noso país, sexa cal sexa a súa profesión. Todos estes actos culminaron cunha grande manifestación unitaria celebrado o domingo 11 de marzo, na que se leu un manifesto reivindicativo e de denuncia que, de seguido, transcribimos.





As mulleres do Sindicato Labrego Galego tiveron unha participación activa nos actos reivindicativos e de celebración do Día Internacional da Muller Traballadora. Nas imaxes desta páxina, a esquerda, participantes na manifestación do 11 de marzo, na que Lidia Senra leu parte do manifesto (arriba)

Neste contexto de crise capitalista, todos os gobernos nos lanzan a mesma mensaxe: fannos responsables dela e demándannos austeridade, sacrificio e resignación, en canto destinan axudas millonarias para garantir os intereses e privilexios da banca, grandes empresas e fortunas, monarquía, exército ou igrexa católica.

Dísenos que non hai cartos para a sanidade e o ensino públicos, que o sistema de pensións é insostible, que é preciso seguir reformando o mercado de traballo, mentres privatizan os bens máis básicos como a auga. Dinnos que non hai cartos, para nós! Dinnos que non hai recursos, para nós! Dinnos que hai que baixar salarios e pensións, os nosos... Xa está ben!

Este 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, mulleres galegas de diferentes colectivos queremos denunciar a precariedade histórica á que estivemos sometidas polo sistema capitalista, baseado en que os esforzos sempre recaen sobre a mesma parcela da sociedade: a clase traballadora e os sectores populares. O suposto plan de actuacións contra a crise responde a motivos ideolóxico-políticos moito máis que a fundamentos económicos e, no caso das mulleres, as políticas de axuste están a ter un efecto perverso sobre as nosas condicións de vida e un retroceso de lustros nos dereitos que mediante anos de loita feminista acadamos.

A actual ofensiva patriarcal está alcanzando cotas insospeitadas. Só así se explica o agravamento do machismo nas institucións, a ausencia de políticas feministas reais, a eliminación de organismos como o Servizo Galego de Igualdade, os Centros de Información ás Mulleres e de orientación afectivo-sexual, os impedimentos para acceder a métodos contraceptivos e, sobre todo, a última proposta de derrogar a Lei do aborto, que ten o seu punto de partida na retrógrada Lei da Familia. Dita normativa só pretende instaurar o control alleo sobre o noso corpo e sexualidade, volvendo a situar ás mulleres na esfera doméstica.

Paralelamente, estamos a soportar unha vertixinosa escalada da precariedade laboral, que se expresa nunha cada vez maior temporalidade, no aumento da contratación a tempo parcial e en salarios insuficientes que impiden o goce dunha vida digna, plena e autónoma. Esta situación, que afecta a toda a sociedade, ten unha meirande repercusión nas mulleres debido aos maiores obstáculos para acceder e permanecer no mercado laboral en igualdade de condicións.

Se falamos das mulleres labregas hai que engadir as dificultades para acceder á titularidade das explotacións e, no caso das mulleres migrantes e das empregadas do fogar, a situación agrávase, pois á inseguridade laboral hai que sumar a xurídica.

Increméntase a explotación xa que sobre nós seguen a recaer as tarefas do fogar e o coidado de menores, maiores e persoas dependentes. Traballo invisible que non conta con remuneración nin recoñecemento social algún, imposto pola desigual asignación de roles entre homes e mulleres e que esta crise non fai senón acentuar.

Que as mulleres non somos absolutamente nada para os poderes políticos, relixiosos e económicos que nos están gobernando é tan evidente que non só se reflexa en que sexamos as que máis gravemente sufrimos as consecuencias da crise, senón tamén en que as primeiras institucións desmanteladas foron as que traballaban pola igualdade, información e protección ás mulleres.

Neste alarde de machismo, superioridade e hipocrisía, os diferentes gobernos renuncian garantir o dereito das mulleres a vivirmos sen violencias, ignorando a súa consecuencia máis extrema: máis de setenta mulleres son asasinadas só no estado español cada ano.

Como é posible que, nesta realidade, se eliminen as políticas de igualdade e educación sexual?

Táboa de reivindicacións fronte aos recortes

Por todo isto, neste 8 de marzo, as mulleres feministas galegas en loita polos nosos dereitos, ESIXIMOS:

■Medidas concretas e recursos públicos en todos os ámbitos para erradicar a violencia machista (educativos, sanitarios, de información e de protección).

■Sanidade pública, universal e gratuíta de calidade, con atención especializada á saúde das mulleres.

■Ensino público, gratuíto, non sexista, laico, de calidade e en galego.

■Prestacións sociais e pensións dignas. Accións positivas para evitar as desigualdades no acceso e na contía das pensións, derivadas de situacións discriminatorias.

■Medidas para equiparar os dereitos laborais e de protección social das traballadoras do servizo doméstico cos demais réximes.

■Medidas de regularización da xente migrante residente que garantan a plena igualdade de dereitos co conxunto da poboación galega.

■Accións para eliminar desigualdades salariais, temporalidade, e precariedade nos traballos feminizados e a sobreexplotación das mulleres.

■Aplicación da Lei de titularidade compartida nas explotacións agrarias.

■Unha política laboral, agraria, alimentaria, fiscal e social en función das necesidades da cidadanía, que estableza accións positivas para poñer fin á discriminación das mulleres e que poña freo á emigración da mocidade galega.

■Servizos sociais públicos de calidade que dean cobertura ás necesidades de coidado de familiares e persoas a cargo.

■Medidas que permitan compatibilizar a vida persoal, familiar e laboral, tanto aos homes coma ás mulleres.

■Medidas urxentes para crear emprego estable e para eliminar a discriminación salarial das mulleres.

■Medidas que garantan unha vida plena ás persoas que teñan diversidade funcional.

■Dereito a gozarmos a nosa sexualidade, sexa cal for a nosa orientación sexual e a desenvolver un proxecto de vida en liberade e equidade.

■Respecto aos nosos dereitos sexuais e reprodutivos, que inclúe o control dos nosos corpos, garantindo o dereito ao aborto gratuíto na sanidade pública.











Diversas instantáneas da celebración do Día Internacional da Muller Traballadora; de arriba a abaixo e de esquerda a dereita: dúas tomas da manifestación en Compostela, imaxes das actividades desenvolvidas pola Secretaría das Mulleres do SLG en Betanzos e Vilalba, e detalle de labregas na marcha reivindicativa do 11 de marzo

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA MULLERES

016

Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.
Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Axudas para a promoción do emprego autónomo

Poden acollerse a estas axudas: Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que se dean de alta como autónomos e que cumpran os requisitos obrigatorios da convocatoria. Poderán acceder á condición de persoas beneficiarias da subvención pola primeira contratación indefinida os traba-lladores ou traballadoras autónomos/as ou profesionais xa constituídos, que realicen esta contratación durante o seu primeiro ano de actividade.

Prazos: Até o 30 de marzo para as persoas que se desen de alta ou realizasen contratacións indefinidas entre o 1 de Outubro de 2011 e o 20 de xaneiro de 2012. As outras solicitudes deberán presentarse no prazo máximo de un mes dende a alta como autónomo ou da contratación indefinida, en todo caso as axudas ao abeiro desta convocatoria poderán presentarse ate o 30 de setembro de 2012.

Axudas para paliar os danos do lobo no gando

Axudas para compensar os danos ocasionados polo lobo no gando. Pódense acoller a estas axudas os pro-pietarios e propietarias de gando afectado por **ataques de lobo producidos do 1 de outubro de 2011 até o 30 de setembro de 2012 na Galiza,** sempre e cando fosen comunicados dentro dun prazo de 24 horas á Consellaría de Medio Rural.

Axudas para promover produtos con calidade diferenciada

Axudas para agrupacións de produtores que participen nalgún programa de calidade diferenciada de alimentos que se atopen baixo unha indicación xeográfica protexida, denominación de orixe, produción ecolóxica ou especialidades tradicionais de produtos agrícolas.

O prazo de solicitude remata o **24 de Marzo de 2012**

Axudas directas á agricultura e á gandaría para o uso sustentable das terras agrícolas (PAC)

Esta orde convoca as axudas da PAC a través da solicitude de Pagamento Único. O prazo para facer as solicitudes estará aberto dende o **1 de Febreiro ate o 30 de abril de 2012**.

Ao abeiro desta Orde poden fa-cerse as seguintes solicitudes:

-Pagamento Único
-Primas vacas nutrices.
-Axudas específicas aos produtores e produtoras.
-Pago compensatorio en zonas de montaña.
-Axudas do Contrato de Explotación Sustentable
-Alegacións e solicitudes de modificación do SIXPAC

Por outra parte regulan:

-Condicións, controis, sistemas de control e aplicación de reducións e exclusións dos perceptores de axudas por reconversión, reestruturación e arranque de viñedos.

Máis información, na oficina do SLG da túa bisbarra.

Axudas para apoiar ás mulleres que sofren violencia de xénero

A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo. Segundo o caso, as axudas poden ir dos 300 aos 800 euros ao mes, dependendo do nivel de rendas e dos fillos e fillas ao cargo da solicitante.

O prazo de solicitude rematará o **31 de outubro de 2012**.

Prestación familiar por ter fillos e fillas menores de tres anos ao cargo

Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan fillos/as menores de tres anos en 1 de xaneiro de 2012 (nacidos entre o 2 de xaneiro de 2009 e o 1 de xaneiro de 2012, inclusive) e que, durante o ano 2010, nin elas nin ningún membro da unidade familiar estivesen obrigados a presentar a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a este período, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.

No caso de fillos/as adoptados/as ou acollidos/as entre o 31 de decembro de 2010 e o 31 de decembro de 2011, a prestación concederase durante os tres anos posteriores á data da resolución que a declare.

A prestación consistirá nun pagamento único por cada fillo/a menor de tres anos, sendo a contía da prestación de 360 euros por cada un dos/as fillos/as, sen que o/a mesmo/a fillo/a poida dar lugar a máis dunha prestación en virtude desta convocatoria.

O prazo de presentación das solicitudes remata o **26 de marzo de 2012**

Compra - Venda - Troco

Véndese
-Renault Clio 5 portas, gasoil, dirección asistida, elevafiestras eléctricos con 200.000 Km. e revisión a data de hoxe.1.500 €. No Corgo (Lugo).
Chamar a o 982 176 748

Véndense
-Cachenas a bo prezo.
Chamar ao 696 432 686

Véndese
-Tractor John Deere 3340, tracción 4 rodas, cabina e pa.
Chamar aos números de teléfono 670 886 201 e 986 601 351

Véndense
-4 xovencas frisoas.
-Desensiladora Khun.
-Bañeira de 1.200 litros.
Na Pastoriza (Lugo).
Chamar aos números de teléfono 982 332 065 e 690 338 209

Véndense
-Motocultor de 14 CV.
-Máquina de limpar o cereal e un
-Arado gravante.
Zona de O Corgo (Lugo).
Chamar aos números de teléfono 982 175 132 e 648 718 864

Véndese
-Becerro marcado de Rubia Galega de 13 meses. Libre de IBR, DUD...
Chamar ao 648 187 857. Na zona de Betanzos.

Véndese
-Arado de dous regos seminovo. En Outeiro de Rei (Lugo).
Chamar ao 626 334 770

Véndese
-Autocargador-picador CLASS 135 P. En bo estado.
Preguntar por Manolo no número 676 435 417

Véndese
-Tanque marca Zero de 1800 litros. Trifásico. En bo estado.
Chamar aos números de teléfono 982 349 324 e 699 975 440

Véndese
-Pinza cortasilos marca MAKEY. En bo estado.
Chamar ao 661 332 970

Véndese
-Grade de discos. Ideal para tractor de 60 a 80 cabalos.
Chamar ao 650 158 948

Véndense
-Cornadizas de 8 prazas.
-Sala de muxido de 6 puntos con medidores, motor trifásico, marca Gascoigne.
Chamar ao 625 660 271

Véndense
-Cachorros de raza mastín.
Chamar ao 630 561 310

Véndense
-Mastíns de raza recoñecida pola Sociedade Canina Galega.Zona Monfero (A Coruña).
Chamar ao 626 194 490

Véndense
-Xovencas de leite preñadas. Zona Cesuras (A Coruña).
Chamar aos números de teléfono 981 790 233 e 616 289 926

Véndese
-Mistubishi Pajero 2500, con carrocería Montero.
Chamar ao 609 311 416

Véndese
-Colleitadora de patacas na zona de Aranga.
Preguntar por Xosé no teléfono 636 954 672

Véndense
-Chantos ou vargos. Zona de Abadín (Lugo)
Chamar ao 666 370 172

Véndese
-Xovenca próxima ao parto.
Chamar ao 686 837 970

Véndese
-Sala de muxido de 6 puntos con medidores de Gaiscoigne (con motor trifásico).
-Tanque-bañeira de 1.400 litros (motor trifásico).
Chamar ao 625 660 271

Véndense
-Rastrillo hilerador marca KUNH.
-Rotativa de 5 discos.
-Tanque de frío de 650 litros.
-Motor de rega con equipo.
Chamar ao 686 837 970

Véndese
-Rotoempacadora John Deere, en bo estado. 3.000 euros.
Chamar ao 981 674 536

Véndense
-2 ovellas. Comarca da Estrada.
Preguntar por Carme no teléfono 658 079 956

Véndense
-12 ovellas paridas con años.
-1 macho.
Preguntar por Andrés no teléfono 981 432 192

Véndese
-Tractor Kubota de 170 cabalos. 4.500 horas, en moi bo estado En Outeiro de Rei (Lugo).
Chamar ao 626 334 770

Véndese
-Máquina de cortar silo marca Khun, con dobre coitela de aceiro e poldro. En moi bo estado.
Chamar aos números de teléfono 981 500 608 e 699 334 378.

Vendese
-Tractor Massey Fergusson 147, en bo estado. Na zona de Monforte.
Chamar entre as 2 e as 3 da tarde ao 982 426 563

Véndense
-Sementadora de millo de seis liñas telescópica.
-Rotativa SM 320 de 3 metros.
-Grade de discos.
Chamar aos números de teléfono 676 211 386 e 650 010 179

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese
-Sala de muxido marca SACSENIOR de 1x3. En Ordes.
Chamar ao 981 682 321

Véndese
-Sequeiro de pedra no Courel (Soldón da seara).
Preguntar por Álvaro no teléfono 625 134 456

Véndese
-Autocargador de segunda man. Na comarca do Xallas.
Chamar ao 981 894 317

Véndese
-Tractor de dobre tracción.
Chamar ao 660 221 250 en sábado ou domingo

Véndense
-Mastíns de raza recoñecida pola sociedade canina galega.
Zona Monfero.
Chamar ao 628 194 490.

Véndense
-Circuíto de 3 puntos ALFA-LAVAL.
-Centro de frío marca JAPY de 550 litros.
En Boimorto (A Coruña).
Chamar ao 660 485 856

Véndese
-Augardente, licores e viños do país.
Chamar ao 986 689 486

Véndese
-Repartidor de esterco de 6,5 tn, marca Herculano, 4 rotores verticais, ano 2002. En moi bo estado.
-Rotovator de 2,5 tn de corte marca Alpe 60. Ano 2008. Coitela semicurva. En moi bo estado
Chamar ao 661 736 998

Véndese
-Autocargador rotativo marca Juscafresa.
Chamar ao 686 577 685

Véndese
-Tractor Massey Fergusson de 110 CV (ano 2003)
-Desbrozadora de 1.80 m (ano 2007)
Chamar ao 648 921 666

Véndese
-Desbrozadora de tractor en bo estado. Na zona de Oza dos Ríos.
Chamar ao 670 895 789

Véndense:
-Xovencas de raza Limousine.
-Picador Straumann.
-Enroladora 540 John Deere.
-Rotativa Deutsch Far de 1,95.
Na zona de Lugo.
Chamar aos números de teléfono 982 160 116 e 690 774 565

Véndese
-Millo en gran.
Zona Compostela.
Preguntar por Rosa no número de teléfono 981 570 482

Véndense
-Grade de discos suspendida; seminova .
-Empacadora de 2006, seminova, con dúas campañas de traballo na mesma casa.
Na zona de Arzúa.
Preguntar por Suso no teléfono 677 625 245

Véndese
-Xovenca frisona de 18 meses.
En Taboada (Lugo).
Chamar ao 982 162 301

Véndese
-Sementadora de millo Monosen, 4 liñas, mecánica. Prezo: 700 €
Chamar ao 699 283 697

Véndense
-Mastíns, con posibilidade de adestramento para a garda do gando. Machos: 150 €. Femias: 100 €. Na Pontenova (Lugo).
Chamar ao 685 181 659

Vendense
-3 eguas novas.
Chamar polas noites ao teléfono 988 457 400. Prezo negociable.

Véndense
-Xovencas preñadas e becerras de raza Vianesa, inscritas no libro xenealóxico de razas autóctonas en perigo de extinción. En Lousame, (A Coruña).
Preguntar por Fernando no teléfono 679 192 242

Véndense
-Silo para penso 6.000 quilos dividido en dous.
-Circuíto Manus de 4 puntos.
-Tanque de leite de 800 litros.
Por peche de explotación na zona de Castroverde (Lugo).
Chamar ao mediodía ou á noite ao teléfono 982 312 200

Véndense
-Xovencas e frisonas. Boa xenética. Control leiteiro. Libre de IBR e BVD. Media de produción da gandería 10.300 litros. Cualificación de 81 puntos.
Na zona de Monfero.
Chamar aos teléfonos 610 962 132 ou 981 196 919

Véndense
-Cisterna de 3.300 litros (1.000 euros)
-Cinta cargadora de 7 metros (200 euros)
-Fresadora con 180 de corte (2.100 euros)
-Tractor John Deere 1035, en moi bo estado (7.000 euros)
-Remolque tipo IMACO (2.000 euros)
-Cultivadores de 7 ganchos (1.000 euros)
Na zona da Limia (Ourense)
Chamar aos números de teléfono 988 458 034 e 660 543 995

Véndese
-Silo de fibra para penso de 3.300 quilos. En bo estado, prezo a convir.
En Ribeira de Piquín (Lugo).
Chamar ao 608 555 127

Véndese
-Moto Rieju RR, de 2009.
Chamar pola noite aos teléfonos 628 897 696 ou 981 808 945

Véndese
-Tanque PACKO con capacidade 1200l de auga xeada, monofásico. En funcionamento.
Chamar ao 659 661 342

Véndense
-Cachorros Borden Collin, auténticos de pura raza.
Chamar ao 636 863 082

Véndense
-Cachorros de Bóxer.
Chamar ao 652 196 605

Véndese
-Sementadora de precisión de bota, marca Amazone, modelo E-25. Ano 2009.
Na Limia.
Chamar ao 661 736 998

Véndense
-Desensiladora marca Fella TH-145 con poldro, mandos adicionais, coitelas novas e totalmente revisada.
-Rulo compactador de dous metros de ancho.
-Remolque de tres metros de largo con documentación.
En Sobrado.
Chamar ao 679 946 097

Véndese
-Maquinaria agrícola: Picador, estendedor e rotativa.
En Portomarín (Lugo).
Preguntar por María no teléfono 622 726 687

Véndense
-Becerras para recría
Na zona de O Covelo (Pontevedra).
Chamar aos números de teléfono 986 668 820 ou 626 442 294

Véndense
-Grade de 20 discos. Bo estado.
-Trailla de tipo pequeno e rotativa de 1'90.
En Outeiro de Rei (Lugo)
Chamar ao 626 334 770

Véndese
-Peugeot 106 a gasolina, con 24.000 quilómetros. En perfecto estado. Prezo: 4.000 euros. Na zona de Betanzos.
Preguntar por Carlos nos teléfonos 686 783 800 e 619 348 426.

Véndese
-Unha vaca próxima ao parto.
Chamar ao 982 526 886

Véndese
-Xerador de corrente a gasóleo, 10 KVA (10.000 vatios), autopropulsado.
Chamar aos números de teléfono 659 937 487 e 982 163 862

Véndese
-Segadora rotativa "BCS" de 2,85 de corte.
En Castroverde (Lugo).
Chamar ao 617 655 320

Véndense
-Cámara frigorífica de 10 m3.
-Invernadoiro de 8,5 m. ancho (500 m2).
-Invernadoiro de 10 m. ancho (300 m2).
-Colleitadora de patacas de 1 suco, descarga lateral.
Chamar ao 610 040 674

Véndense
-Tractor John Deere 6400, 105 CV.
-Remolque mesturador marca Triolet 12 m.
-Encintadora de carro Makey.
-Emboladora Carraro liña verde.
-Desensiladora.
-Rastra para terra.
-Tanque de cuba para leite de 3.200 litros.
-Pinza de bolas.
-Remolque de carga.
Por cese de actividade.
Chamar ao 626 94 36 82

Véndese
-Tractor John Deere 1840 de 65 CV, dobre tracción, con poucas horas de traballo.
Chamar aos números de teléfono 615 333 879 e 982 188 114

Véndense
-Tractor de tracción Case 845 de 80 CV.
-Remolque.
-Cultivador de ganchos.
-Aboadora.
En Boimorto (A Coruña).
Chamar ao 696 090 165.

Véndense
-Desensiladora de mordaza marca TENIAS con carro elevador e 1 autocargador de 13 coitelas.
Na zona de Cesuras.
Chamar ao 650 158 948

Véndense
-5 presebes de ovino-caprino de 4 metros de longo, galvanizados, con bandexa para cereal.
Chamar aos números de teléfono 646 098 727 e 988 457 412

Véndense
-Peugot 205 mito 1.7 diesel. Dirección asistida, eleva lunas eléctrico, aire acondicionado, faros de néboa e alarma.
-Remolque preparado para rolos de herba, con documentación.
-Cuba con capacidade 1000 litros e con dúas bocas, unha no fondo para sacar o bago.
-Muíño para enganchar ó tractor para moer e machacar millo verde en cana.
En Paradela (Lugo). Preguntar por Ovidio no 686 596 260.

Véndese
-Tanque trifásico marca Japy de 1.700 litros con motor novo. En Teixeiro (Curtis).
Chamar ao 605 870 030

Véndense
-2 túneles de invernadoiro con ventilación central e lateral de 240 m e 130 m. Na zona Silleda.
Chamar ao número de teléfono 625 074 695

Véndese
-Rotativa deutz Farh de 1.65 de corte. Bo estado.
-Opel Vectra de 100 CV, 2000 cc, con aire acondicionado, elevaventás eléctrico. 250.000 quilómetros reais. Bo estado.
-Madeira de castiñeiro curada.
Chamar ao 616 060 146

COMPRAS

Mércanse
-Empacadora de calquera marca.
-Colleitadora Deutz Fahr 1202.
Chamar polas noites ao teléfono 981 792 415. Preguntar por Xosé Manuel Carro.

Mércanse
-Cántaros de leite usados. Prezo a convir, en función do número e do estado de conservación.
Chamar ao 656 289 587

OUTROS

Búscanse
-Terras ou explotación na zona de Xallas-Barcala.
Chamar ao 636 871 736

Búscanse
-Terreos para cultivo de horta.
Chamar o 619 110 982

Alúgase
-Nave de gando con 80 prazas. Na zona de Portomarín (Lugo).
Preguntar por María no teléfono 622 726 687

Busco
-Explotación en Galicia para mercar ou alugar.
Chamar aos números de teléfono 686 386 215 e 982 161 387

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Instálanse
-Equipos automáticos de calefacción por leña ou pellet. Aforra como mínimo o 50% do prezo de calefaccion na tua casa, nave, ghranxa, invernadoiro... Hai equipos que se poden aproveitar e transformalos acoplando soamente o queimador.
Chamar o 678 643 119 ou enviar correo a ecocalor@hotmail.com ou ecocalor@gmail.com

Ofrécese
-Mozo para traballar en explotación de leite na zona de Santiago e Ordes.
Chamar no 629 927 005

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Xornadas de formación e debate

TERRA, PAC e REFORMA DA SEGURIDADE SOCIAL

¿SABÍAS QUE AGORA DIN NA SEGURIDADE SOCIAL QUE NA AGRARIA PODEMOS COBRAR O PARO?

¿SABES DE QUE VAI A REFORMA DAS PENSIONS QUE ENTRA EN VIGOR ESTE ANO 2012? ¿CÓMO CHE AFECTA?

¿SABÍAS QUE HAI PROPOSTO NA NOVA PAC QUE A XENTE NON LABREGA COBRE AXUDAS POLA TERRA?
¿POR QUE CONCEPTOS IMOS COBRAR A XENTE LABREGA?

¿SABÍAS QUE SE ESTÁ INTENTANDO, MEDIANTE LEIS, CONVERTER A NOSA TERRA AGRARIA EN TERRA PARA PRODUCIR ENERXÍA? AS LEIRAS TAMÉN.

Estas preguntas e todas as que teñamos, imos tentar abordalas nas xornadas que celebraremos en todas as comarcas nos meses de febreiro e marzo

PREGUNTA NO TEU LOCAL DO SINDICATO POLA DATA E O LUGAR DE CELEBRACIÓN

sindicato labrego galego
comisións labregas

A INFORMACIÓN É PODER: PODER DE MUDAR AS COUSAS